



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA VINTEOITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS .

En Alfoz, no Salón de Sesións da Casa Consistorial , ás catorce horas do día vinteoito de xaneiro de dous mil vinte e dous , xúntase a Corporación Municipal en Pleno, en primeira convocatoria, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria remitida ao efecto aprobada por Decreto da Alcaldía 45/2022 de data 25 de xaneiro de 2022.

Presidente:

Don Jorge Val Díaz (PSdeG-PSOE)

Concelleiros asistentes :

Dona Ana Aránzazu Inceras Ares (PSdG-PSOE)

Don César Marrube Novo (PsdG- PSOE)

Don Cándido Paleo Rejes (PsdeG-PSOE)

Don Jacobo Geada Adrio (Partido Popular).

Dona Raquel Rouco Iglesias (Partido Popular).(Abandona a sesión ás 16,00 horas)

Dona Efigenia Maseda Paz (VIA ALFOZ).

Don Eliseo Lorenzo García (VIA ALFOZ).

Concelleiros ausentes:

Dona María Luisa Goás Lorenzo (PsdG-PSOE), xustificada.

Secretaria:

D^a María Sofía Sanmartín Novoa.

Os concelleiros asistentes constitúen máis dun tercio do numero de membros da Corporación, co fin de constituirse en sesión plenaria en primeira convocatoria.

Aberta a sesión, pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión conforme a convocatoria remitida , que son:

ORDEDODIA:

PARTE DISPOSITIVA

1.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION ANTERIOR .





- 2.- ACORDO DE SEGUNDA PRÓRROGA CONTRATO SUBMINISTRO ELECTRICIDADE CONVENIO MARCO FEMP.
 - 3.- PROPOSTAS DE POSTA A DISPOSICION DE TERREOS Á XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DE NOVO CENTRO DE DIA/RESIDENCIA .
 - 4.-MOCIONS .:
 - 4.1. MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: CREACION DE CAMPAÑA DE SENSIBILIZACION DE RESPONSABILIDADE CIDADÁ.
 - 4.2. MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: GRABACION SESIONS PLENARIAS MUNICIPAIS.
 - 4.3. MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: SUSBTITUCION DE SINALIZACION NO CENTRO DE SAUDE DE ALFOZ.
 - 5- ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.
- PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO**
- 6- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.
 - 7.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Pregunta o Sr. Alcalde o sentido do voto do acta correspondente á sesión ordinaria de data 26 de novembro de 2021 . Non se producen intervencións.

O Pleno da corporación, en votación ordinaria , co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación ao acta correspondente á sesión ordinaria de data 26 de novembro de 2021.

2.- ACORDO DE SEGUNDA PRÓRROGA CONTRATO SUBMINISTRO ELECTRICIDADE CONVENIO MARCO FEMP.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que como sabedes temos o contrato do subministro de luz a través da FEMP e se trataría de prorrogar o contrato.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di:

“ Visto o acordo adoptado polo Pleno en data 26 de novembro de 2021 sobre preaviso para prórroga do contrato de referencia.

Visto que en data 01 de decembro de 2021 , n.º RE 182, por Gas Natural Comercializadora SA se presenta comunicación dos prezos revisados:





PRECIO REVISADO

LOTES 1-5	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1417					
2.0DHA	0,1626	0,0875				
2.0DHS	0,1637	0,0962	0,0769			
2.1A	0,1550					
2.1DHA	0,1752	0,0985				
2.1DHS	0,1763	0,1112	0,0826			
3.0A	0,1257	0,1114	0,0858			
AP2.0DHA	0,1626	0,0875				
AP2.1DHA	0,1752	0,0985				
AP3.0A	0,1257	0,1114	0,0858			
3.1A	0,1112	0,1037	0,0831			
6.1	0,1298	0,1180	0,1018	0,0934	0,0866	0,0795

ANEXO: PRECIOS BAJO CIRCULAR 3/2020

TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,2363	0,1385	0,0921			
2.0DHA	0,2358	0,1365	0,0897			
2.0DHS	0,2365	0,1371	0,0894			
2.1A	0,2363	0,1385	0,092			
2.1DHA	0,2358	0,1365	0,0897			
2.1DHS	0,2366	0,1371	0,0894			
3.0A	0,1878	0,1618	0,1236	0,1124	0,1007	0,0888
AP2.0DHA	0,2358	0,1365	0,0897			
AP2.1DHA	0,2358	0,1365	0,0897			
AP3.0A	0,1878	0,1618	0,1236	0,1124	0,1007	0,0888
3.1A	0,1496	0,1309	0,1043	0,0980	0,0886	0,0799
6.1	0,1507	0,1334	0,1072	0,0949	0,0825	0,0800





VARIACIONES APLICABLES POR TARIFA Y TRAMO HORARIO AL PRECIO OFERTADO INICIALMENTE. (SEGÚN ACUMULADO DE LAS REVISIONES TRIMESTRALES APLICADAS AL ACUERDO MARCO)

LOTES 1-5	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,0353					
2.0DHA	0,0351	0,0342				
2.0DHS	0,0351	0,0353	0,0334			
2.1A	0,0353					
2.1DHA	0,0351	0,0342				
2.1DHS	0,0351	0,0353	0,0334			
3.0A	0,0351	0,0351	0,0346			
AP2.0DHA	0,0351	0,0342				
AP2.1DHA	0,0351	0,0342				
AP3.0A	0,0351	0,0351	0,0346			
3.1A	0,0318	0,0320	0,0319			
6.1	0,0319	0,0322	0,0319	0,0320	0,0315	0,0322

Considerando convinte para o Concello a adopción de acordo de prórroga do citado contrato, preséntase o modelo facilitado dende a FEMP:

RESOLUCIÓN DE PRÓRROGA DEL CONTRATO BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN A TRAVÉS DE LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP

ANTECEDENTES

PRIMERO.- La Entidad Local Ayuntamiento de Alfoz mediante Acuerdo de Pleno de fecha 25 de septiembre de 2015 se adhirió a la Central de Contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias, a fin de poder contratar los servicios y suministros que ofertare la citada Central, de conformidad con las condiciones y precios fijados en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha Central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

SEGUNDO.- Con fecha 21 de mayo de 2019 la Central de Contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias resultaron adjudicatarias las mercantiles IBERDROLA CLIENTES, S.A.U, ENDESA ENERGÍA, S.A.U. y GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. para los Lotes 1 al 7. La formalización de los Acuerdos Marco se produjo el día 17 de junio de 2019, finalizando la vigencia ordinaria del mismo el próximo 17 de junio de 2021. Pudiendo prorrogarse anualmente, sin que la duración total del acuerdo marco, pueda exceder de 48 meses (4 años).

TERCERO.- En fecha 15 de noviembre de 2019 la Entidad Local Ayuntamiento de Alfoz





envió el documento de invitación a través de la Plataforma tecnológica a las tres empresas adjudicatarias del lote 1, Galicia de dicho Acuerdo marco.

CUARTA.- La adjudicación del contrato basado fue efectuada por resolución del Pleno , de fecha 17 de enero de 2020 resultando adjudicataria la empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA y siendo notificada con fecha 20 de enero de 2020 y cuyo suministro finalizaría el próximo 31 de enero de 2021. En fecha 27 de noviembre de 2020 se adoptó acuerdo de prórroga , finalizando el contrato el día 31 de enero de 2022.

QUINTA.- La duración del contrato basado según lo dispuesto en la resolución adjudicación era de 1 año, prorrogable anualmente por tres años.

SEXTA.- Que en fecha 29 de noviembre de 2021 , se comunicó a la adjudicataria preaviso con la voluntad inicial de prorrogar el contrato basado a los efectos previstos en el artículo 29.2 de la LCSP, condicionada a la conformidad de la Entidad Local con la remisión por aquella de los precios del contrato basado revisados conforme a lo dispuesto en el art 16.3 del PCA y en el plazo establecido.-

SEPTIMA- Que recibidos los precios revisados por la adjudicataria, se da conformidad a los mismos, adjuntándose a esta resolución.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

PRIMERO. El Pliego de Cláusulas Administrativas (en adelante, “PCA”), prevé en su cláusula 21.2 la posibilidad de solicitar prórrogas en sus contratos basados:

“La duración ordinaria de los Contratos basados será de un año, tal y como dispone la normativa sectorial de aplicación, pudiendo celebrarse prórrogas por periodos de un año, hasta un máximo de cinco años. Todo ello sin perjuicio de las altas eventuales y de temporada que surjan durante la vigencia y al amparo del contrato basado, conforme a lo establecido en los Pliegos, en el Acuerdo marco y en la normativa de aplicación, y ajustándose a la proposición económica presentada sobre el porcentaje de incremento máximo sobre los precios de energía de las tarifas de acceso para el suministro definitivo.

SEGUNDO. De conformidad con lo indicado en el Documento de invitación y en la cláusula 21.2 del PCA y con la intención de continuar prestando el suministro de electricidad en alta y baja tensión en la Entidad Local Ayuntamiento de Alfoz , la prórroga resultará de obligada aceptación por parte del adjudicatario (y siempre que haya un preaviso de 2 meses, porque así lo establece el artículo 29.2 de la LCSP) salvo que la Entidad Local disponga lo contrario en el Documento de invitación y salvo que se dé la causa de resolución prevista en el artículo 198.6 de la LCSP por haberse demorado la Entidad Local en el pago del precio más de 6 meses, siempre que dicho impago no se produzca por incumplimiento de la empresa contratista, cuestiones ambas, que no se han producido. Si la EELL no lleva a cabo ese preaviso con 2 meses de antelación a la finalización del contrato, la prórroga será





por acuerdo entre partes (dejará de ser potestad de la administración).

Para la tramitación de la prórroga anual, los precios vigentes en el contrato basado serán objeto de revisión (Incluso en el caso de que no se produzca el preaviso de 2 meses por parte de la administración.). En este sentido, la adjudicataria estará obligada a comunicar al responsable del contrato basado de la Entidad Local, con al menos cuarenta y cinco días de antelación a la finalización del contrato basado, los precios revisados conforme a lo establecido en la cláusula 16.3 del PCA, con la diferencia de que el primer reajuste de umbrales que se realice tomará los precios -Umbral (i-1)- ofertado originalmente por las empresas adjudicatarias para el contrato basado.

En el plazo de quince días desde la recepción de los precios revisados, siempre con un mes de antelación a la finalización del contrato basado, la Entidad Local deberá comunicar su intención de prorrogar el contrato basado por un año más. **En caso de que dicha comunicación sobre la conformidad con los precios revisados no se produzca por parte de la Administración**, de conformidad con lo previsto en el artículo 29.2 de la LCSP según el cual: “En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes”, **la empresa procederá, en el plazo de los 5 días hábiles anteriores a la fecha de finalización del suministro indicada más arriba a realizar los trámites oportunos para dar de baja los puntos de suministro objeto del contrato basado.** Al producirse la extinción del contrato, la empresa Distribuidora procederá a asignar estos suministros a la comercializadora de último recurso, en aplicación de la normativa vigente, R.D. 216/2014, que en el apartado d) del artículo 4 establece que los comercializadores de referencia deberán atender las solicitudes de suministro de energía eléctrica y formalizar los correspondientes contratos con los consumidores, que sin cumplir los requisitos para la aplicación del precio voluntario para el pequeño consumidor, transitoriamente carecen de contrato en vigor con un comercializador libre, y les resulten de aplicación las correspondientes tarifas de último recurso de acuerdo con lo previsto en el [artículo 17.3 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre](#).

TERCERO. Las condiciones que deberán regir esta prórroga serán las mismas que las del contrato basado y se mantendrán inalterables durante toda la vigencia de la prórroga, tal y como se establece en el PCA, a excepción de la revisión de precios prevista en el mismo.

En virtud de lo anterior, el PLENO:

RESUELVO

PRIMERO. - Prorrogar el Contrato basado para el suministro de electricidad en alta y baja tensión desde el día 01 de febrero de 2022 hasta el 31 de enero de 2023 , aplicándose los precios revisados conforme a lo establecido en la cláusula 16.3 del PCA, y que se adjuntan a esta resolución, formando parte del expediente.

SEGUNDO.- Comunicar esta resolución a la empresa adjudicataria a través de la





plataforma informática de la Central de Contratación, publicarla en el perfil del contratante de esta Entidad Local y notificarla conforme a lo establecido en la LCSP. “

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

3.- PROPOSTAS DE POSTA A DISPOSICION DE TERREOS Á XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DE NOVO CENTRO DE DIA/RESIDENCIA .

Toma a palabra o Sr. Alcalde para preguntar aos concelleiros asistentes se teñen algunha pregunta.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o Sr. Geada Adrio, para decir que entende que todos compartimos a opinión lóxica de que é unha necesidade básica para este Concello e incluso para outros da zona polo envellecemento da poboación, pero entendemos que con esta petición se estaría a pechar portas e perdendo oportunidades de logralo pedíndollo á Xunta cando a Deputación de Lugo fixo noutros concellos residencias, sen entrar a valorar os terreos que entendo que se afinarán máis adiante. Por tanto, entendemos que o tema é correcto no fondo, pero se pecha unha porta que podría ter máis opcións .

Toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz para indicar que o primeiro que vimos e que non temos claro si se está a pedir unha residencia ou un centro de día.

Resposta a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, para decir que tal e como está redactada a proposta se trata de ambas opcións, se solicitan ambas cousas, a ver si alomenos conseguimos unha.

Continúa a Sra Maseda Paz decindo que ao igual que dixo o voceiro do Grupo Municipal do PP, entendemos que debería de solicitarse a outras institucións que vos respaldan para que sexan as promotoras, e incluso poder botar máis de promotoras privadas, como en Ferreira. Polo que respecta ao centro de día, entendo que hai un estudo de viabilidade para transformar a vivenda comunitaria en centro de día, e por iso, debería de concretarse a proposta, porque temos entendendo que ese estudo de viabilidade quedou sobre a mesa, e deberíamos de intentar ser tratados como outros concellos, como Trabada ou Ribadeo, que contaron coa construción por parte da Deputación de Lugo ; Por qué se solicita á Xunta e non á Deputación ou outro





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

tipo de promotora? O tema dos terreos xa sería un tema posterior.

Resposta a Sra Incera que a competencia é da Xunta de Galicia. Como sabedes, a Deputación estivo construíndo residencias pero legalmente non poden seguilo facendo por tema de falta de competencia, e incluso se teñen problemas para asumir os xa construídos... e sí que en Trabada a residencia foi construída pola Deputación, pero a de Foz é da Xunta.

A Sra Maseda Paz di que existe publicado un listado de residencias construídas pola Deputación de Lugo e son moitas, en Castroverde, en Pol,...

A Sra Incera resposta que non se discute que se construíran, senon que o que se sabe é que non van a facer máis porque non lles corresponde a competencia, que é da Xunta de Galicia... van a rematar as que teñen pendientes da anterior lexislatura pero ningunha máis, e que de feito están licitando algunha desas pendientes.

Di o Sr. Geada Adrio que sí que quedan residencias pendientes.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para decir que dende a Deputación trasladouse que teñen asumido que non van facer máis residencias por problemas de legalidade ao ser competencia da Xunta. Os terreos que nós propoñemos ofertar á Administración Competente son céntricos, un deles anexo á vivenda comunitaria, e todos eles poderían estar a disposición da Xunta para ofrecer dende o Concello a máxima colaboración para que se poida prestar o servizo, porque temos necesidade polo perfil de poboación e para evitar que os veciños que necesiten residencia teñan que desprazarse. Nós non nos plantexamos facer a mesma proposta a entidades privadas porque habería que analizar legalmente se terreos públicos poden ser cedidos a empresas privadas.

A Sra Maseda Paz di que as iniciativas privadas son máis rápidas que as públicas.

Resposta o Sr Alcalde que probablemente sí, pero que tampoco o servizo que prestan é o mesmo, e entendemos que é preferible que o servizo esté ben prestado.

A Sra Maseda repite que hai servizos privados en concerto coa Xunta de Galicia.

Resposta o Alcalde que é precisamente porque é a Xunta de Galicia a que ten competencias, e non o Concello, polo que se propón a cesión dos terreos á Xunta, e logo xa será cousa da Administración Autonómica se quere xestionalo con empresa de iniciativa privada ou de forma pública, que aíí xa non é decisión do Concello. Nós o que temos son terreos e os poñemos a disposición; ademáis, falando a vivenda comunitaria ata hai ben pouco o Concello asumía unha terceira parte dos gastos e era inviable, polo que asumiu a Xunta de Galicia, e o Concello se encarga únicamente de mantemento, o que supuxo unha redución de carga económica moi importante para o Concello.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Di a Sra Maseda Paz que a débeda do concello quedou condonada.

Resposta o Sr. Alcalde que non é así, asumiron a xestión da vivenda comunitaria por unha negociación coa FEGAMP, porque ademáis a vivenda era utilizada por xente que non era deste Concello, que viñan doutros municipios. E non existe o estudo que di vostede para convertilo en centro de día porque a edificación non cumpría as características técnicas e ou ben optaban por suprimir o servizo ou tiñan que facer unha remodelación total, así que quedou como está. Coa Deputación evidentemente xa se falou e ademáis de que non van a facer máis, como xa vos dixen, o Concello tamén tería que aportar cartos, cando é a Xunta a que percibe do Estado os recursos necesarios para prestar o servizo.. ¿porqué teríamos que asumir o coste Administracións que non temos competencias ? En Diputación non poden asumir máis gastos neste servizo, ao que se derivou moito diñeiro doutros, como das carreteras, e quedarían liberando créditos para outros que sí son da súa competencia. Según me informan, só van a facer as que xa estaban comprometidas e os convenios asinados . Ao solicitar nós que sexa a Xunta a que constrúa e xestione, o Concello non ten que asumir obriga algunha de mantemento. E sí, podemos saber cómo están noutros Concellos, pero as empresas privadas reciben cartos da Xunta por dependencia, e non entro a valorar máis o ser servizo. A cesión dos terreos supoño que terían que sair a concurso e con contraprestacións, porque non se van a dar directamente a unha empresa, polo que facemos a proposta na liña xa explicada.

O Sr. Geada Adrio pregunta porqué a Deputación de Lugo, se non tiña competencias, fixo residencias.

Resposta o Sr. Alcalde que había no seu día tanta deficiencia .. ademáis , o modelo de residencia da Deputación funciona moi ben, e máis, a Xunta debería de copiar o modelo, con residencias máis pequenas, cerca das casas, especializadas por necesidades e non todo xunto... antes se tiña decidido facer actuacións nesa liña, e hai que recoñecer que era un modelo moi bon, porque as residencias pequenas son máis operativas, con maior rango de persoal, pero xa se sabe que non se van a facer máis, aínda que todos queríamos ese modelo.

Insiste o Sr. Geada Adrio que sin tan bon é o modelo, pedir por escrito á Deputación de forma formal que faga unha residencia en Alfoz.

Di o Sr. Alcalde que como xa vos dixen, falouse coa Deputación, que xa nos deixaron claro que non poden seguir facendo novas residencias, si ben sempre están abertos a colaborar noutras cousas.

O Sr . Geada di que eu non estou decindo que o que di vostede sexa mentira, pero se pode solicitar formalmente e obter resposta.

O Alcalde di que a quen hai que dirixirse é a quen ten as competencias, porque por pedir podemos pedila ata a Unión Europea, ou que ojalá a puidera construír o concello, ou que viñera unha empresa privada... pero insisto que na





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Deputación teñen informes de Secretaría e de Intervención de que non poden seguir a asumir esos gastos.

A Sra Incera di que se podería pedir informe para que se recolla o que se está decindo, pero que é coñecido que teñen problemas económicos e xurídicos con este asunto.

O Sr. Geada Adrio pide que se faga unha moción para ver esos informes da Deputación de Lugo e obter unha resposta.

O Sr. Alcalde di que hai que ser realistas, que si xa sabes que te van a decir que non, para qué? Estou explicando abertamente o que nos dixeron.

A sra Incera insiste en que a proposta é que o Concello pón os terreos a disposición da Xunta de Galicia para a construción dunha residencia e/ou centro de día, as dúas cousas ou ben unha.

O Sr. Alcalde dí que esa é a proposta, e que se queren presentar outra nova, sen problemas, que ninguén lle quita de presentar, pero que entendendo suficientemente debatido o asunto, se pasa á votación.

Consta no expediente proposta da Alcaldía que literalmente di:

“ Como é ben sabido, Galicia padece nas últimas décadas unha serie crise demográfica que é máis evidente canto máis de interior sexa o pobo; así, no noso Concello, a porcentaxe de maiores de 65 anos supón algo máis do 40 % da poboación.

Si ben se está a prestar o servizo de axuda no fogar na medida máxima de horas concedidas pola Xunta de Galicia para atender a dependentes e se complementa co servizo na modalidade de libre concorrência para os que aínda non teñen a tramitación rematada , que se está a prestar o servizo de xantar na casa e se realizan obradoiros e actividades como o Programa Activamente, Clube de Lectura, Ximnasia de mantemento é certo que en moitas ocasións a soidade, a dispersión poboacional ou mesmo problemas de saúde asociadas á idade , impide que os nosos maiores accedan a servizos de calidade para o seu coidado.

Os veciños do Concello de Alfoz teñen a necesidade real e verificable de contar cun centro especializado xereontolóxico, ben unha residencia e/ ou centro de día, que permita atender aos nosos maiores ao mellor dos recursos do sistema público de servizos sociais segundo as súas necesidades.

Considerando que é competencia da Xunta de Galicia a construción de residencias de maiores e /ou centros de día, así como a licitación da súa posterior xestión, o Concello de Alfoz entende convinte e necesario realizar cantos trámites favorezcan a construción dun espazo destas características no noso Municipio.

Ese é o motivo de presentar esta proposta, que consiste en propoñer ao Pleno da Corporación que se traslade á Xunta de Galicia a nosa máis absoluta vontade de colaboración , realizando distintas propostas de ubicación da construción en terreos





que son de propiedade municipal, para que dende a Xunta se constate , en primeiro lugar, que a Corporación entende que se trata dun servizo imprescindible para o noso municipio, e en segundo lugar, a clara vontade do Concello de colaborar coa Xunta para que se leve a cabo o proxecto, para o que se propoñen varias posibilidades de ubicación sobre terreos de titularidade municipal.

A tales efectos, se facilita documento técnico no que se identifican as tres parcelas de propiedade municipal e a súa medición que inicialmente se poñerán a disposición da Xunta de Galicia como propostas de ubicación, para que dende os seus servizos poidan realizar unha primeira valoración e , de seguirse adiante, xa se iniciaría expediente de cesión da parcela concreta.

Á vista do exposto, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia a construción no Concello de Alfoz dun centro de día e/ou residencia da terceira idade, para cubrir as necesidades reais existentes na poboación municipal.

SEGUNDO.-Trasladar á Xunta de Galicia a proposta de posta a disposición de terreos para tal finalidade , segundo o documento técnico obrante.

TERCEIRO.- Manifestar a máxima colaboración por parte do Concello de Alfoz para que tal servizo se preste no noso municipio.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria , co resultado de catro votos a favor (Grupo Municipal PsdG-PSOE) , ningún voto en contra e catro abstencións (Grupo Municipal Partido Popular e Grupo Municipal VIA Alfoz), maioría simple, ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa totalidade.

4.- MOCIONS.-

4.1. MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: CREACION DE CAMPAÑA DE SENSIBILIZACION DE RESPONSABILIDADE CIDADÁ.

En data 25 de xaneiro de 2022 polo Grupo Municipal VIA se rexistra Moción que literalmente di:

Tal e como se pode observar na colección de fotografías que acompañan esta moción, nos últimos tempos véñse observando a proliferación de lixo nas beiras das vías públicas do noso concello. Este feito, ademais de ser unha mostra de incivismo, pode supoñer incluso un problema medioambiental grave e unha ameaza para a seguridade das persoas.

O abandono incontrolado deste tipo de lixo trae consigo graves consecuencias para o entorno. A principal é a mala imaxe proxectada á veciñanza e visitantes pero,





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

ademais, aumenta o risco de incendios debido á presenza de cabichas mal apagadas, papeis ou restos de cristais que provocan "efecto lupa", podendo dar lugar ao inicio dun lume. Así mesmo, a acumulación de lixo aumenta o risco de contaminación nos leitos dos nosos ríos.

Vista esta situación, desde o Grupo Municipal de Via Alfoz consideramos que desde as administracións se deberían levar a cabo accións, non só para retirar o lixo acumulado, senón para sensibilizar á poboación do seu nocivo impacto, para conseguir unha sociedade concienciada co coidado do medioambiente.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes :

ACORDOS:

- 1. Levar a cabo unha campaña de sensibilización de responsabilidade cidadá, coa finalidade conseguir unha sociedade concienciada co coidado do medioambiente.*
- 2. Promover iniciativas de voluntariado, enfocadas en realizar recollidas de lixo a través de agrupacións e/ou colectivos*
- 3. Instar ao Goberno Municipal a levar as accións necesarias para a retirada do lixo acumulado nas vías de titularidade municipal que supoñan un risco medioambiental.*
- 4. Consignar unha partida nos vindeiros orzamentos municipais encamiñada a levar a cabo as accións indicadas nos puntos anteriores.*
- 5. Instar ao resto das administracións, nomeadamente a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo, a que procedan de igual xeito, retirando o lixo acumulado nas vías da súa titularidade, que supoñan un risco medioambiental. “*

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, a Sra Maseda Paz , para decir que parécenos que é necesario constituir un grupo de traballo contando coas asociacións, para mellorar e recoller os restos de todo tipo de produtos que hai en cunetas, bierrruás.... Non pretendemos que sexa o Concello os que o retire, senón que se fagan tarefas de concienciación social, sen perxuício de que o personal do Concello faiga algunha limpeza concreta, porque se sabe que hai veciños que saen a camiñar e recollen lixo das cunetas e iso poderíase organizar coas asociacións , involucrando aos rapaces novos, para limpar ríos, paseos.... E porque hai lixo de todo tipo, colillas,,, e entendemos que é necesario concienciar máis que limpar, para que entre todos se cambie a imaxe que se da aos visitantes e aos propios veciños.

Toma a palabra a Sra Incera Ares , voceira do Grupo Municipal do PSdG-PSOE para decir que estamos totalmente de acordo. Dende o Concello xa se está a realizar recollidas de vertidos incontrolados que se levan ao punto limpo, facemos recollida de enseres e residuos porta a porta de forma gratuíta, e temos previsto a realización de campañas medioambientais con outros concellos ,...Tamén entendemos que é interesante contar coas Asociacións como voluntarios, pero tamén que é mais importante prever a existencia dos residuos. O noso Grupo está de acordo coa Moción e dende o Concello podemos invitar a todas as Asociacións a organizar voluntariado neste ámbito ,





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

recordando que xa se está traballando dende o Concello. Se entende que os veciños deben ser conscientes que hai hábitos que deben ser cambiados, e tanto a Xunta como nós estamos facendo limpezas en cunetas e traballos deste tipo, pero o mellor sería evitalos , e nesa liña estamos na máxima colaboración.

Toma a palabra o Sr. Lorenzo García para decir que é unha pena que teñamos lixo nesa Galicia profunda que chamou a xuiza...entendemos que a Corporación non ten culpa, pero que ten que dar exemplo e se poden usar as redes sociais e convocar Asociacións para que indiquen ónde hai máis acumulación de lixo.

Toma a palabra o Sr. Marrube para indicar que xa se tiña falado cunha Asociación para realizar un percorrido de recollida de lixo no río Ouro, pero se tivo que aplazar por enfermidade.

O Sr. Lorenzo dí que está claro que os que recollemos non somos os que ensucian, e que estamos cansos de escoitar iso de “ recolle ti” cando chamamos a atención, pero que se debe concienciar, e propoñemos que participen as Asociacións facendo batidas, que se informe por onde non se pode acceder para que vaia o persoal do Concello,,,, sen necesidade de que se contrate xente para isto...e sobretudo concienciar por redes sociais e que o Concello dé exemplo e movilice.

A sra Incera está de acordo e di que se pode convocar nunha xuntanza a todas as Asociacións para lograr unha maior implicación.

Toma a palabra o Sr Alcalde para indicar que entende que é unha boa idea, e que o mellor é concienciar aos novos e que tamén aos visitantes, e todos temos a responsabilidade de denunciar vertedoiros incontrolados .. e nese sentido avanza, tanto polos veciños como polo Concello en canto a medios para evitar estas situacións, recóllese porta a porta, se incrementou o número de colectores, dando charlas informativas para que se faga un uso responsable deles que ao final repercute nun aforro para todos, .. de feito na carretera que vai a Mondoñedo fai pouco tivemos que ir recoller de todo, mobles, lavadoras.... E a xente ten que saber que calqueira que vexa ese tipo de lixo debe avisar ao Concello para que o poidamos recoller e levar para o punto limpo, e xa non só por mellorar a imaxe de cara aos visitantes, porque por todos é sabido que en verán hai máis cousas que aparecen nas cunetas , bolsas, os residuos dos ciclistas,... e estou de acordo en educar para que lle dé vergoña a quen o tira, aínda sabendo que haberá quen non vai a responder.

O Sr. Lorenzo dí que el tamén entende que ensucian máis os de fora que os de aquí.

O Sr. Alcalde di que despois de facer campañas de recollida selectiva de lixo detectamos que aínda se facía peor en determinados lugares...porque deben pensar que con eso danlle na cabeza ao Alcalde e é mal para todos. O máis satisfactorio é levar este tema ás escolas, que xa se fixeran campañas con





SOGAMA.

O Sr. Lorenzo dí que cos nenos non hai problema , que esta xeración está moi mentalizada co tema.

A Sra Incera di que a través dos nenos se chega ás familias e que en todas as actividades que se fan cos nenos hai dinámicas de reciclaxe.

O Sr. Lorenzo insiste en que o problema no son os nenos, senón os adultos, que é como nos bares que á entrada teñen alfombras de colillas e é vergonzoso, e que non temos unha plantilla de barrenderos para recoller a diario.

O Sr. Alcalde indica que haberá campañas específicas dende a Mancomunidade, con independencia de que fagamos a nosa.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Geadá Adrio, para indicar que creo que todos pensamos o mesmo, que o máis importante é empezar a previr e que haberá que ir dando o primeiro paso aínda que non se chegue a toda a poboación, porque cada persoa é individual, pero dende o Concello debe darse exemplo minorizando problemas na recollida, mellorando a limpeza das aceras, nas rozas.... Se entende que o Concello é o que debe empezar e logro involucrar ás Asociacións e outros grupos, porque é un problema que ven de atrás, e logo de sete anos veñen traendo esta Moción cando nos 4 anos que estiveron no goberno non fixeron ningún tipo de campaña .. porque dende a oposición se fai a Moción pero cando se está no goberno haberá que facer algo mais.

Toma a palabra a Sra. Maseda Paz, voceira do Grupo municipal VIA Alfoz para responder que non sei si nese momento, hai sete anos, habería ese problema, e non estamos falando de limpar as aceiras, estamos decindo que é algo que está pasando agora, agrabado polo tema das mascarillas, e que nós antes non participábamos no Pleno. Entendemos que agora hai un risco maior porque hai máis tránsito polas pistas de concentración, os camiños se usan máis para adiantar acercarnos a Ferreira,.. e non falamos por estar agora na oposición porque senón tamén se houbera presentado igual.

O Alcalde entende que neste momento non é momento de reproches e sí de colaboración, que todos estamos no mesmo barco e debemos remar na mesma dirección, e que penso que estamos todos de acordo para mellorar esta situación na medida do posible. O Concello ten a bandeira verde da que presumimos porque traballouse nese sentido e se segue a traballar para mantela .

Finalizado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á Moción na súa integridade.

4.2. MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: GRABACION SESIONS





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

PLENARIAS MUNICIPAIS.

En data 25 de xaneiro de 2022 polo Grupo Municipal VIA se rexistra Moción que literalmente di:

Segundo se recolle no artigo 227 do R D 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo RD 2568/1986, do 28 de Novembro, as sesións plenarias son públicas. Ademais, o artigo 20 da Constitución Española avala o dereito da cidadanía a "a comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión".

As administracións públicas, e os representantes políticos que formamos parte delas, temos a obriga de facilitar a maior información e participación da nosa veciñanza nos asuntos municipais que lles interesan e lles afectan.

É obvio que os debates e os acordos adoptados nos Pleno Municipal interesan e afectan a toda a veciñanza, tendo dereito a acceder de forma sinxela e rápida ao que din e deciden os seus representantes públicos.

Actualmente as novas tecnoloxías permítennos a gravación dos plenos sen medidas difíciles de implantar. Ademais, neste sentido, debemos recordar que o Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo pon a disposición dos concellos un servizo de asistencia para a gravación de sesións plenarias tal e como se está a realizar noutros concellos.

Se ben é certo que se lle dá publicidade ás actas das diferentes sesións, desde o Grupo Municipal de Via Alfoz, consideramos que a gravación dos Plenos Municipais é unha forma sinxela e obxectiva de amosar a transparencia que a veciñanza espera dos seus representantes Políticos.

É por iso que o Grupo Municipal VIA Alfoz propón ao Pleno que se adopten os seguintes ACORDOS.

- 1. Que o Concello de Alfoz, a través do Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo, proceda á gravación de imaxe e son das sesións dos Plenos Municipais.*
- 2. Que as gravacións das sesións dos Plenos Municipais se publiquen na páxina web do Concello de Alfoz, habilitando un espazo visible e facilmente accesible para tal fin. “*

Toma a palabra a Sra Maseda, voceira do grupo Municipal VIA Alfoz, para indicar que este asunto xa foi tratado no Pleno en data 27 de novembro de 2003, no que formaba parte o Alcalde e foi a petición do PSOE facer gravacións dos Plenos,. Logo, no ano 2020 logo da pandemia tivemos o primeiro exemplo neste concello de Pleno telemático, e entendemos que os veciños deben ter maior acceso aos asuntos que lles atañen e podemos facer uso das TIC da Deputación, e se están gravados os plenos os veciños acceden mellor á información que aquí se da.

Toma a palabra a Sra Incera Ares, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE para indicar que eu no ano 2003 non estaba, pero entendo que se pediu no





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfuz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfuz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

seu día porque non había transparencia e agora as actas están subidas na sede. Os Plenos son públicos, de feito hoxe temos público asistente, e a situación actual non se pode comparar co período de confinamento porque de aquela era a única solución para facelo. Insisto en que as actas son públicas dende a súa sinatura e estaremos de acordo que a súa modificación é moi excepcional, porque son moi fidedignas, e están dispoñibles para toda persoa interesada, nós non estamos de acordo.

A Sra Maseda di que sí que son accesibles, pero que non é o mesmo ter que ler 30 páxinas que ver un vídeo, porque si accedes a Youtube ves e escoitas.. e que todos imos por ese medio, como no wasap, que a xente xa non escribe, envía audios, e estamos inmersos nunha sociedade que require rapidez. E sabemos que non estamos nunha situación igual á pandemia, pero tampouco o era cando o pedistes vosoutros en 2003.

A Sra Incera di que entende que é preferible o documento.

Toma a palabra o Sr. Geada Adrio, voceiro do grupo Municipal do Partido Popular, para indicar que comparar a situación do 2003/2022 non é moi lóxico porque a tecnoloxía é distinta, que agora temos a administración dixital.. eu vexo positivo porque os Plenos son públicos pero en horarios nos que á xente non lle é fácil vir, e estando na casa poderían escoitar en calquera momento o que aquí se fala, e así damos a coñecer aos veciños cómo se deciden os temas no Pleno e axudaría á Secretaria para a redacción das actas, porque entendo que debería facelas igual e así tería axuda, porque é imposible coller todo, e podería facer un acta máis completa, polo que entendemos que o pedido é algo positivo para os veciños, para nós e para a Secretaria e sen coste para o Concello a través de Deputación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que o contexto do ano 2003 e hoxe non é o mesmo, que se facían reclamacións a todas as actas porque non se recollían as intervencións, e non se daba fe nin do que se falaba nin do que se proponía. Ademais, había un problema na entrega das actas, agora tedes acceso directo ás actas e aos expedientes, e si tedes algún problema pendente de transparencia insisto en que o digades para solucionalo. Estou decindo o que pasaba de aquela no que había vídeos e gravadoras, .. agora é certo que hai novas tecnoloxías, pero tamén se poden pervertir ou manipular, de feito non hai moitas horas vin publicada unha cousa que estaba manipulada, porque non se poñen todas as intervencións completas... e isto nas redes sociais se pode pervertir e sacar de contexto.

O Sr. Lorenzo dí que non é unha manipulación porque se pode ver no acta.

Di o Alcalde que insiste en que se da a información que interesa, e que as redes sociais son moi boas para algunhas cousas si están ben utilizadas, e que non vexo que exista ningún problema na redacción do acta, que se recolle todo o





que se dí, e si alguén ten algún problema tamén se recolle, as actas están a disposición de todos os veciños e entendemos que non existe esa necesidade. Entendendo que a posición de todos é clara, se pasa á votación.

A Sra Maseda insiste en que é o mesmo que pediron no 2003.

O Sr. Geada Adrio dí que a sociedade avanzou .

O Alcalde insiste en que a única obrigación por lei é levantar acta o máis fiel posible, e a acta non é manipulable porque a secretaria da fe. Unha gravación é manipulable, e se se saca de contexto, que se fai, se pode utilizar mal.

A Sra Incera di que non é algo necesario.

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de catro votos a favor (PP e VIA Alfoz) e catro votos en contra (PsdG-PSOE), se produce empate. Non variando o sentido do voto dos señores concelleiros asistentes , se resolve o empate facendo valer o Alcalde o voto de calidade, polo que o Pleno ACORDA:

NON prestar aprobación á referida Moción.

4.3. MOCION GRUPO MUNICIPAL VIA ALFOZ: SUBSTITUCION DE SINALIZACION NO CENTRO DE SAUDE DE ALFOZ.

En data 25 de xaneiro de 2022 polo Grupo Municipal VIA se rexistra Moción que literalmente di:

” Nos últimos anos, as iniciativas para construír unha sociedade inclusiva son, sen dúbida, cada vez máis habituais. A finalidade desta iniciativas é a de levar a cabo estratexias de diversidade e inclusión corporativa. Aínda así, a discriminación segue sendo un problema común na nosa sociedade, polo que as administracións temos un papel fundamental en reverter esta situación.

Especial importancia ten na diversidade e inclusión corporativa a existencia dunha correcta sinalización. Así, a sinalización dos nosos espazos públicos debe cumprir cos preceptos de accesibilidade, deseño universal e inclusión.

Ao contrario do indicado no parágrafo anterior, tense observado que no Centro de Saúde de Alfoz existe unha sinalización discriminatoria y non igualitaria, tal e como se observa nas fotografía que acompañan esta moción.

Desde o Grupo Municipal de Via Alfoz, consideramos oportuno o instar ao cambio da citada sinalización por outra que conteña unha linguaxe inclusiva, igualitaria e non discriminatoria.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via ALfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte

ACORDO:

Instar ao Servizo Galego de Saúde á substitución da sinalización existente nos aseos do Centro de Saúde de Alfoz, colocando outra inclusiva, igualitaria e non discriminatoria por estereotipos de xénero ou diversidade funcional. “





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, para decir que a cartelería do Centro de Saúde do concello de Alfoz está lonxe da linguaxe inclusiva e igualitaria de hoxe, e se pide ao Sergas que faga os cambios necesarios, sendo especialmente grave o cartel de minusválidos.

Toma a palabra a Sra Incera Ares, voceira do grupo Municipal PsdG-PSOE para decir que estamos de acordo, que os pictogramas son moi estereotipados e deberían substituírse por outros máis inclusivos e correctos, e de paso, entendemos que poderíamos engadir na Moción algo que sen dúbida entendemos que é máis importante: que se cubran as baixas dos médicos, que agora mesmo hai un médico cunha baixa prolongada e programada por paternidade e a outra doutora está a asumir todos os pacientes de ambos, na situación que estamos a vivir e co perfil da poboación do pobo que precisa dunha maior asistencia médica... e entendemos que o teléfono non sempre é o medio máis adecuado, que non ver ao médico en persoa para entender tratamentos non vale para a xente máis maior,.... entendemos que é preciso pedir que se cubra a baixa médica.. e sabemos que a ausencia de profesionais non é exclusiva de Alfoz, que pasa en toda A Mariña, pero si solicitamos algo ao SERGAS entendemos que temos que empezar por ahí.

Resposta a Sra Maseda Paz que as necesidades son en toda Galicia, e estamos de acordo.

Intervén o Sr, Geada Adrio, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, para decir que nós estamos máis ou menos de acordo co asunto, primeiro porque non parece que o tema dos carteis sexa obxecto de Moción do Pleno, e que sen dúbida nos parece máis importante o que di Arantxa e non cambiar os carteis.... Tamén os baños non están adaptados, que entendo que sería máis importante que o cartel, e entendo que non hai ánimo de insultar a nadie neles... máis que falar de tres carteis teríamos que falar que se cubran as baixas do persoal, que se dote co persoal necesario, que a rampa se corrixa, que as zonas verdes estén máis coidadas,,,,, e por iso entendemos que hai cousas máis importantes que os carteis, que a Moción é demagóxica pero votaremos a favor co resto da proposta.

A Sra Incera propón que se inclúa a petición de cobertura da baixa e facer unha solicitude xenérica que marque prioridades. 1º. A substitución do persoal médico no suposto de baixas e permisos. 2º. Que se dote ao Centro de saúde de Alfoz dos suficientes medios persoais que garantan unha correcta atención. 3º. Que se dote ao centro de Saúde de Alfoz dos medios materiais e mantemento das instalacións que garanten un correcto servizo e 4º. Que se faga unha revisión da cartelería e sinalización do Centro de saúde de Alfoz en termos de linguaxe inclusiva.





Se abre debate entre o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o Sr. Geada Adrio e o Sr. Lorenzo García sobre si os termos da cartelería son simplemente anticuados ou insultantes, abogando polo carácter ofensivo o Sr. Lorenzo e defendendo o Sr. Geada que os carteis teñen 30 anos e que o asunto ten a importancia que ten sen necesidade de esaxerar e que entende que é un problema que ten fácil solución falando coa xente do Centro de Saúde, que cunha chamada aos de mantemento xa se soluciona sen ter que ir á Xerencia.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que eu nin me fixei nin me chamaron a atención os carteis, que non tiña reparado neles, pero é certo que a sociedade evoluciona e o linguaxe que usamos é outro, e neste caso estou de acordo co que di Xacobo, que o responsable do centro médico que avise a quen corresponda, que doutros problemas xa se teñen mandado escrito dende o Concello acompañados de informe técnico e que hai que entender que o dos médicos é un problema de difícil solución, un problema xenérico que se ven arrastrando e que a pandemia só puxo en máis evidencia... este tema xa o falamos todos os alcaldes de A Mariña, que é un problema existente en toda a comarca, que están tirando de médicos xubilados para a atención telefónica, que non é a mellor solución cando os pacientes son maiores e incluso hai listas de espera ata para renovar recetas ... Se o resto se pode resolver, pois moi ben, pero comparto que non ten a trascendencia que se lle quere dar e seguro que haberá máis centros así si a Xunta non acomete unha política de renovación.

Pregunta a Sra Incera se están todos de acordo en presentar unha Moción conxunta.

Di a Sra Maseda, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, que nós xa sabíamos da situación do médico, pero pensamos que xa tiñades falado co SERGAS e que íades presentar vós unha Moción.

Resposta o Sr. Alcalde que cando ten pasado esto noutros casos, chamouse e solucionouse, pero a situación agora é un problema xenérico, con situacións graves noutros concellos que incluso se atoparon sen médicos, e non creo que unha moción arregle a situación que é grave e que como os digo ven de atrás, como facer contratos por un día, .. que fai que os médicos que se forman aquí acaben o 80% traballando noutras comunidades,,, e moitos factores que podíamos falar moito.

Di a Sra Incera si se retira a moción e se da conta ao persoal encargado do mantemento do centro de saúde como propón Jacobo ou se fai unha moción conxunta dos tres Grupos na que se solicite a cobertura das baixas médicas, melloras no mantemento das instalacións e equipamentos e a cartelería..... se trataría de solicitar:

Primeiro.- Garantir a asistencia médica dos veciños de Alfoz, que actualmente non está garantida por non cubrir a baixa por paternidade dun dos





médicos, tendo que asumir a outra médica todos os pacientes o que incrementa os tempos de espera dunha poboación envellecida.

Segundo.- A mellora da conservación das instalacións e a súa accesibilidade, así como os medios materiais e equipamento do Centro de Saúde de Alfoz.

Terceiro.- Revisión e substitución da cartelería do Centro de Saúde de Alfoz por outra inclusiva, igualitaria e non discriminatoria por estereotipos de xénero ou diversidade funcional.

Sometido o asunto a votación , o Pleno da Corporación, en votación ordinaria , co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte

MOCION CONXUNTA: Solicitar ao Servizo Galego de Saúde:

Primeiro.- Garantir a asistencia médica dos veciños de Alfoz , que actualmente non está garantida por non cubrir a baixa por paternidade dun dos médicos, tendo que asumir a outra médica todos os pacientes o que incrementa os tempos de espera dunha poboación envellecida.

Segundo.- A mellora da conservación das instalacións e a súa accesibilidade, así como os medios materiais e equipamento do Centro de Saúde de Alfoz.

Terceiro.- Revisión e substitución da cartelería do Centro de Saúde de Alfoz por outra inclusiva, igualitaria e non discriminatoria por estereotipos de xénero ou diversidade funcional.

5.-ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.-

Non se producen.

PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

6- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

Indica o sr. Alcalde que os tedes á vosa disposición puntualmente no Gestiona os decretos da Alcaldía e os rexistros de entrada e saída, e si tedes algún problema de acceso, avisade.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Geada Adrio, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, para facer as seguintes





PREGUNTA.- ¿ Cál é a previsión de prazo para a presentación do Orzamento ao Pleno?

Resposta o Sr. Alcalde que estamos traballando sobre o tema, e levamos algo de retraso porque aínda están saíndo convocatorias de subvencións e queremos que os orzamentos sexan coherentes e non ter que andar con modificacións de crédito que permitan certificar as aportacións municipais.

Intervén a Sra Incera para decir que nos retrasou algo que este ano as convocatorias saen con modificacións e agora mesmo estamos centrados co Plan Único.

Indica o Sr Alcalde que efectivamente estamos co Plan Único que temos que aprobar aquí no Pleno o día 10 de febreiro, e que estivemos con cambios porque o PEIM cambiou, e que xa está Sofía no tema.

PREGUNTA.- Ante a publicación por parte do Ministerio da Central hidroeléctrica reversible xa vimos que van dar unha charla informativa para o día 16, ¿ poden adiantar aos demais grupos cál e a opinión do equipo de goberno?

Resposta o Alcalde que a comunicación do Ministerio sobre a exposición do proxecto entrou este mércores, día 26, e tedes acceso a ella dende Rexistro. A comunicación enlaza coa publicación web e a día de hoxe non temos máis información que o que está publicado no portal do Ministerio. En Alfoz colle unha parte moi pequena de A Grela e A Pinguela , e é un anteproxecto de tipo medioambiental, non coñecemos o proxecto constructivo.

Indica a Sra Incera que se trata dun trámite de audiencia previa ao informe de avaliación ambiental, e logo haberá proxecto, exposición ao público para presentar alegacións... o de agora é o primeiro paso. Decidimos facer unha reunión informativa para recoller tamén no informe que nós temos que mandar o que os veciños queiran decir. No proxecto se presentan tres posibles ubicacións, afectando a Alfoz únicamente a terceira.

Indica o Alcalde que en Alfoz iría parte da estación de bombeo e tuberías.

O Sr. Geada Adrio indica que a reunión informativa é moi importante para informar e tranquilizar aos veciños.

Insiste o Alcalde que a día de hoxe o que sabemos é o que pode saber calqueira veciño , non temos outra información.

Indica a Sra Rouco Iglesias que o tema é peor no Valadouro.

Indica o Sr. Alcalde que na reunión asistirá o técnico para intentar informar sobre os pasos , impacto ambiental,

A Sra Incera indica que efectivamente o técnico municipal asistirá á reunión para resolver dúbidas, que no caso de Alfoz o terreo afectado é pouco e





a opción que presentan parece que é a que menor impacto ambiental ten respecto das outras dúas opcións que se indican no documento. Plantexan captacións e canalizacións soterradas por via pública... e entendemos que é necesario calmar unha alarma social que se está a crear con información. No proxecto existen dúas opcións que non afectarían a Alfoz e a terceira que sí... si logo hai cambios faránse máis reunións e se axudará aos veciños a presentar alegacións.

PREGUNTA.- ¿Cál é a situación bar da Casa da Cultura?

Resposta o Sr. Alcalde que remata o 30 de abril.

o Sr. Geada Adrio, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, pregunta si ten pendente débeda. O Alcalde resposta que sí, que se están notificando e pasando os recibos mes a mes.

A Sra Incera indica que a situación é complicada e van pagando pouco a pouco.

Di o Sr. Alcalde que hai un expediente que podedes consultar, pero non vamos a dar aquí datos por confidencialidade, e que en canto esté libre se sacará a concurso.

PREGUNTA.- Respostando a pregunta sobre os orzamentos xa nos decían que estaban preparando a subvención da Xunta para os camiños agrícolas. ¿ Vánse a aceptar propostas dos veciños ou xa está decidido?

Resposta o Sr Alcalde que para a anualidade 2022/2023 temos algo máis de 74,000 euros de axuda, porque son bianuais. O que facemos é ver qué necesidades temos , se realizan as medicións e valoracións técnicas, e se comproba que cumpra cos requisitos da Orde, porque por exemplo este ano non permiten o cambio de rodadura , teñen que ter acceso alomenos dúas parcelas da PAC ou ter unha construción agrícola.... E temos que escoller conforme esos requisitos. Fai catro meses que temos un paquete de valoracións de arranxos de camiños e vamos metendoos no Plan Único, no PEIM.... Onde cumpra as condicións de financiamento.

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal PsdG-PSOE, para decir que nas xuntanzas que tivemos nas parroquias xa se foron recollendo as propostas das asociacións e dos veciños.

Indica o Sr. Alcalde que penso que se recolleron o 90 % das peticións.

Insiste o Sr. Geada Adrio, voceiro do grupo Municipal do Partido Popular si xa é tarde para posibles propostas para o ano que ven.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Resposta o Sr. Alcalde que para o ano seguinte non é que haia unha segunda anualidade para pedir, senón para executar e xustificar, e que teríamos que facer a valoración, a medición e logo que cumpra cos requisitos que poñan, que como te decía, este ano cambiaron. Temos un paquete amplo de necesidades valoradas porque cando saen as subvencións no prazo dun mes tes que ter todo, o proxecto técnico, as medicións, o resto de documentación....e por iso nós programamos con tempo. Do que se dixo nas reunións nós tomamos nota de todo e logo de priorizar intentamos meter todo o posible, pero o que queira propoñer algo que o diga.

A Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE opina que poden e deben decilo para telo en conta para outra vez.

Indica o Alcalde que sí, que quen sexa o pida, que así xa se vai medindo e valorando que como decimos queremos ter feito previsións catro meses antes.

PREGUNTA.- Respecto de proxectos que estaban feitos ou casi finalizados na anterior legislatura do Partido Popular, en qué estado están: Saneamento de Lagoa, que xa tiña o proxecto feito ¿ hai avances?

Resposta o Alcalde que sobre iso xa preguntaron nas reunións coas asociacións, .. son proxectos moi caros, que teñen unha valoración de 60.000 euros por kilómetro de saneamento. Agora mesmo estamos con Augas, que fixeron unha auditoría, e aínda non teñen claro qué cartos van dedicar a facer os saneamentos pendentes, .. e tamén estamos valorando Adelán, que o pediron tamén os veciños, ..e o de Lagoa o que temos non é un proxecto de obra, só é un trazado...Cando estaba Pachi Vázquez ofreceuse que quería facer algo en Alfoz, e se lle pasou e non puido porque en Intervención dixeron que no polo volume do lote que tiña que sair a licitación, e por iso quedou parado... eran 200 millóns de pesetas de aquela, porque era un saneamento integral dende o Pereiro para toda a parroquia. A empresa que temos contratada xa lle pedin que fixera valoración para saber cómo podría costar para xestionar algunha subvención.

PREGUNTA.- Os camiños forestais en Lagoa, Pereiro e Adelán xa tiñan o consentemento dos veciños e xa había financiamento ¿ Recorda algo dese tema?

Resposta o Alcalde que non hai ningún informe oficial sobre ese tema nin financiamento, e que había veciños no Pereiro que non firmaron... actualmente dubido moito que se poida facer porque a lei do solo prohibe a apertura de novos camiños .. ¿Qué os queren facer a modo particular os maderistas? Non entro neso, o Concello non pode abrilos.

Di o Sr Geada Adrio que non era nin o Concello nin unha administración quen os ía abrir, que era unha mezcla entre medida contra incendios e





iniciativa privada.

Insiste o Alcalde que a prohibición legal de apertura de camiños está, e que terían que ter os permisos de medio ambiente, patrimonio, auga,.....

PREGUNTA.- Respecto da súa viaxe a FITUR ¿ Pode facilitar información sobre os contactos e contratos que sacou en clave para Alfoz ?

Resposta o Sr Alcalde que a FITUR vaise a promocionar, e logramos que a imaxe da cascada e do Castelo destacaran... pero non presentas un paquete turístico como poden facer na iniciativa privada. Cada alcalde fai a presentación do seu municipio, pero as xestións privadas as realizan outras institucións. Non vas vender, vas promocionar paisaxe, patrimonio..... hia unha inversión de tres millóns de euros do Ministerio, da Xunta, da Deputación e da Mancomunidade nun plan para promocionar a Mariña de Lugo .. nós fomos en conxunto coa Mariña , outros van sós, outros con TURGALICIA...e os medios de comunicación fan cobertura.

O Sr. Geada Adrio pregunta si se adopta algún acordo concreto do que se beneficien os hoteis e restaurantes do Concello.

Resposta o Sr. Alcalde que se pode comprobar que cada vez temos máis visitas e hai máis movemento.

Intervén a Sra Incera , voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE e concelleira delegada de Turismo para decir que aumentou o número de vivendas turísticas e se está traballando nunha campaña sobre a súa implantación.

Neste momento, sendo as 15,35 horas abandona o Salón de Actos o Sr. Lorenzo , incorporándose de novo á sesión ás 15,37 horas.

A Sra Incera continuaba coa súa intervención decindo que nós nos presentamos como xeodestino coa Mancomunidade, porque entre todos nos retroalimentamos e formamos parte do proxecto, con cartos do Plan de Sostenibilidade e de feito presentamos un proxecto específico, o Centro de Interpretación do Mariscal Pardo de Cela. Hai actividades transversais para todos e a maiores está o noso proxecto, que é un concepto sobre natureza e historia , no que ten un papel predominante o Castelo, que por certo, estaba colocado de forma que era imposible non velo na promoción en FITUR.

Indica o Sr. Alcalde que non temos un entramado de rede de hoteis, pero que de todas formas non se venden paquetes individuais, senón que se promociona todo en xeral, pero vamos, nin nós nin ningún. Asistín á presentación doutros alcaldes, de Extremadura, de outras deputacións provinciais, doutras Comunidades Autónomas,... e todos temos a mesma metodoloxía de presentación. Falouse co representante de Paradores, para ver





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

si se podía facer un en A Mariña, e xa nos explicou que os que se fan novos soen estar en zonas catastróficas como o que fixeron na Costa da Morte tras o Prestige, por inercias sociais. Estivemos intercambiando con representantes do Ministerio, da Xunta, doutros Concellos... e é importante ver qué fan noutros sitios e é importante ir xuntos en A Mariña, .. e saíron imaxes en Turespaña, concello de Vigo, da Deputación de Lugo e de Pontevedra....

O Sr. Geada Adrio quiere formular un ROGO que tamén é unha aclaración para o Grupo VIA Alfoz: respecto do colgado en redes sociais sobre o peche do colexio , que se pón en palabras de Arantxa que se equivocou (A Sra Incera por alusións di que non nego o que dixen porque transmitín a información que se me deu).. creo que aquél dia co delegado estivo o Alcalde que pode corroborar que dixo que a axuda para o colexio era de 25.000 euros , dos cales 21.000 euros peran para o arranxo do peche porque está claro que con esos cartos non se pode cambiar todo cando cada metro lineal de vaia é 500 euros , e os outros 4.000 euros son para usar no Colexio, consensuado coa AMPA e o Consello Escolar. Debe quedar claro que os 21.000 euros eran para arranxar desperfectos , e o que sobre e outros 4.000 euros para facer outras cousas no Colexio. Creo que estamos de acordo que a todos nos parece que non é a mellor solución , e que o mellor sería que se fixera un peche novo, o por partes onde sexa máis necesario e paulatinamente. O que debe quedar claro é que nunca se dixo polo Delegado territorial que se ía cambiar todo.

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE para decir que eu trasladei a información que se me deu desde a dirección do CEIP , porque estabamos falando de facer unha moción conxunta para solicitar o arranxo , e falouse de 25.000 euros e o arranxo do peche de todo o muro e incluso falouse que pechado en cego non era a mellor solución , e insisto en que eu din a información que se me deu . E non hai ningún Consello Escolar no que se fale desa cantidade , senón que a Consellería daba o diñeiro, licitaba e se daba ao Cole para que pagara. O Consello escolar non se volveu a convocar, e viñeron dous señores con cemento e paleta, sacaron as rotas cando o resto do peche segue mal, e estiveron cinco días e medio traballando .. e si por dous señores quitando trozos e cobran 25.000 euros que veña Dios e o vexa.. Ahora resulta que son 21.000 para o peche e 4.000 para o resto.. e iso non foi o que se pediu no Consello Escolar . Aquí falouse que o arranxo do muro era competencia da Consellería en cando se supón que por fin dan cartos para arreglar todo o muro, e fan apaños por cachos e son 21.000 euros? Vai a haber Consello Escolar para falar deste tema.

O Sr. Geada indica que non van gastados os 25,000 euros e que o que reste dos 21.000 vanse sumar aos outros 4000 e quedan a disposición do Colexio , que se está saíndo do camiño e non cambie as miñas palabras como sempre.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

A Sra Incera indica que teñen que arranxar o muro e non de que o Colexio dispoña de máis ou menos cartos.

Di o Sr. Geada que foi vostede o que non quixo seguir adiante na moción conxunta.

Resposta a Sra Incera que esos cartos eran para solucionar un problema, que era arranxar o tema do muro, non para pagar o que non vale e deixarlle cartos oa Colexio.

Di o Sr. Geada que nós, o Alcalde e eu , estivemos alí cando estivo o Delegado , Adrián e é o que digo eu , e que logo cada un sacou a súa conclusión , e o Alcalde e eu estabamos de acordo, e vostede cambiouno por intentar quedar ben ou por deixarme quedar mal a min como sempre.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para decir que nada sabemos do que ían facer ou cómo ía quedar, que eran pezas descatalogadas .. pero parece que as conseguiron e sustitúen as rotas,.. eu quero deixar un marxe de confianza , non son técnico para valorar o que está feito, non sei se xa acabaron, se van seguir... pero é a Administración a que ten que facer unha valoración, un presuposto para facer a actuación, .. pero aquí no concello non sabemos si hai proxecto ou non porque non tramitaron o permiso urbanístico, non entendo porqué que logo xa veríamos de condonar as taxas ou non,.... Eu hoxe non sei se xa acabaron, se xustificaron os 20.000 euros. .. e con Adrián non falei, e creo que non se está conforme e se vai convocar Consello Escolar porque era unha chambonada. Eu non quero entrar en polémicas , pero xa dixen no seu dia que era mal remendar e era mellor facelo todo de novo.

Di o Sr. Geada que eu neso dinlle a razón.

Di o Alcalde que era preferible que se fixera con máis financiación, metálico, porque é certo que agora sería unha esaxeración de cartos con algo que xa non se fabrica, e pos iso falamos de mirar outro sistema de peche, e miramos prezo por metro.... E se o paga a Xunta e o fai a Consellería, pues bienvenido sexa. Eu prefiro de momento estar calado, pero terei que falar co Delegado e coa Xefa Territorial que alomellor non saben destos.

O Sr. Geada di que xa se dixo que non se ía cambiar todo o peche, e él era o primeiro en estar en contra desa obra e voulle dar a razón porque eu defendo con lóxica e non ataco para dar a volta ás cousas como fai a Sra Incera que sempre ataca persoalmente.

Di o Alcalde que non vaíamos por aí, que eu non culpo nin ao delegado territorial nin á Xunta, porque quizás hai outros actores, e que naide lle preguntou por este tema, que o sacou vostede.

A Sra Maseda, voceira do Grup Municipal VIA Alfoz intervén para decir que o que nós dixemos está no acta.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

A Sra Incera di que non é mentira, e non quería chegar a isto, pero o día 22 de novembro de 2021 ás 14.31 minutos o director me comunica a carta que di que se vai a arranxar o peche por 25.000 euros , e foi a información que eu pasei. Eu nunca estiven na reunión co Delegado Territorial, e insisto que limiteime a pasar a información que me deron dende a Dirección do Centro.

O Sr. Geada pregunta si arranxo é substitución do peche?

A Sra Incera di que non se fala nada de repatir.

O Sr. Alcalde di que a AMPA pediu cartos para pintar , e por iso lles dixeron que si sobran cartos que o fixeran. O que haberá que mirar é que as obras cumplan como calqueira e o responsable do Consello Escolar e a AMPA terán que valorar que se apliquen ben os cartos.

O Sr. Geada Adrio insiste en que son palabras da dirección do centro e que se van a utilizar a corto prazo para necesidades do centro.

Di o Alcalde que si acabaron falarei con eles para ver si saben qué pasou.

Rematado o turno de rogos e preguntas formuladas polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, se inicia o turno do grupo Municipal VIA Alfoz, cúa voceira, a Sra Maseda Paz, formula:

PREGUNTA.- Tiñamos pensado facer a pregunta sobre o muro do Colexio, pero entendemos que xa está suficientemente debatida porque o muro non é só mantemento..... pero seguindo no Colexio preguntamos si o Alcalde xa comprobou a accesibilidade da rampa, que quedou de mirar.

Resposta o Alcalde que a finalidade da rampa non foi a accesibilidade, senón que os cativos non mollaran os pés , e si falamos de accesibilidade será mellor revisar o Colexio enteiro. Insisto en que foi unha actuación que a dirección do centro pediu e se fixo e que cumpre a finalidade que tiña, pero si miramos os detalles dou palabra que hai cousas mellorables.

Sendo as 16.00 horas a Sra Rouco Iglesias abandona a sesión.

- PREGUNTA: ¿Sabia que na marquesina que está preto da Igrexa de San Pedro chove dentro?

Resposta o Alcalde que primeira noticia, haberá que mirar a impermeabilización.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

- PREGUNTA. ¿ Ten coñecemento que a alcantarilla que está cerca de o Pereiras está tupida e desborda?

Resposta o Alcalde que me parece moi ben que llo diga a vostede, pero recordemos que hai unha canle de avisos no Concello para solucionalo.

- PREGUNTA: Todos os presentes sabemos do recoñecemento feito a Pedro Rubal e aos produtores de mel, pero entendemos que están sentando un precedente e temos outros persoeiros que merecen ese recoñecemento, e nos referimos a Fernando Torres e Pedro Reimunde que merecido teñen un recoñecemento similar para veciños que poidan destacar e non por iso hai que telos olvidados , que parece que facemos publicidade duns e a os outros se olvidan cando todos son veciños.

Resposta o Sr. Alcalde que esa non é a nosa intención. Pedro Rubal xa foi nonbrado fillo predilecto por unha iniciativa que partiu da Asociación de Fillos de Galea, .. na páxina web hai un enlace á súa obra por proposta de Galicia Dixital, para que o seu traballo fora accesible ao público para a súa consulta, o que supón un custo de 4440 euros bianuais , que pagan todos os veciños, e a Biblioteca Municipal acolleu parte da súa biblioteca persoal que donou.

A Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE indica que para nomear fillos predilectos hai un protocolo.

O Alcalde di que se recoñece a valía dos veciños e dos novos para que poidan traballar por Alfoz.

A Sra Incera pregunta si están a pedir que se lles nomee fillos predilectos ou un recoñecemento público? Se fixo o recoñecemento dos produtores do mel polo premo acadado , Pedro xa era fillo predilecto.... E entendo que non teñen que ser os únicos.

Di o Sr. Alcalde por suposto, que os recoñecementos están abertos a máis xente.

- PREGUNTA: Na páxina de turismo de o Concello faise publicidade do mel. ¿ Porqué non se fai extensiva a outros autónomos ou empresas? .

Resposta o Sr Alcalde que con subvencions da Deputación fixemos e facemos melloras na páxina web do Concello, e que estamos abertos a publicitar calquiera produto, pero tede en conta que se identifica Alfoz co mel.

Indica a Sra Maseda que tamén temos madeira, fabas, carpinterias.....

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE para decir que nós potenciamos o turismo dende todos os ámbitos, por





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

exemplo, na gastronomía, e que se podería compartir enlace aos anunciantes, sen problema. O tema do mel, tan premiado, é un produto emblemático, pero non vamos a ser unha páxina de publicidade de calqueira actividade .. si ben no facebook do Concello sí poden facerse promocións xenéricas por quen estivese interesado.

A Sra Maseda pide que se amplíe a oferta.

A Sra Incera di que a páxina de Turismo non é un espazo para a promoción de produtos en xeral, senón para aqueles que teñan relevancia para todo o Concello.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para decir que o mel é un produto identificable con Alfoz como marca, como acontece co bonito de Burela, ou a faba de Lourenzá , a merluza de Celeiro,..... Non somos un escaparate, e hai que ver qué se quere promocionar, pero haberá que falalo e estamos abertos , e ademáis hai que ter en conta ter o permiso dos produtores, e o tema do mel é o único caso.

- PREGUNTA: Pasado o Nadal estivo a estrela no alto do Castelo ¿ Quén é o propietario da estrela?

Resposta o Alcalde que si está a preguntar polo Inventario, nel non está.

Di a Sra Maseda que chocou porque antes a colocaban a Asociación O Castelo coa colaboración do Concello, e temos entendido que este ano colocouna o Concello, non sei si é a información correcta .. e si é do Castelo non entendemos porque non puideron participar na súa colocación si é o propietario.

Resposta o Alcalde que a estrela penso que a pagou o Concello, e que non vaia a pasar con esto como pasou co Mercado medieval. O Concello almacena a estrela todo o ano, e calqueira reparación que precisa a paga o Concello , porque é emblemática e nos identifica porque non hai cousa parecida en A Mariña, e dende que estou eu a sua posta e retirada pagouna sempre o Concello... tivemos que reparala, agora parece ser que ten que facerse unha reforma para facilitar os cambios das bombillas, .. pero si alguén ten documentación que é súa se lle da sen problema, pero que non vaia a pasar como co mercado medieval que desaparecen materiais pagados polo Concello.

Di a Sra Maseda que do Mercado hai cousas feitas polos da Asociación en cursos de costura, que foron donados, e esa roupa desapareceu en parte... e faltaban espadas, escudos... outros poden romper,...

Se abre debate aberto entre a Sra Maseda e o Sr. Alcalde sobre as aportacions veciñais ao Mercado Medieval.

Di o Alcalde que o da estrela é unha pregunta ben rara, .. e que non é un





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfuz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfuz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

coche, non ten documentación. E non se trata de que se lle esté a dar un uso partidista, a gardamos, a mantemos, a coidamos, a reformamos , é de todos, do Concello ¿ e agora se duda desa propiedade?

A Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE pregunta si hai algunha demanda da Asociación.

A Sra Maseda dí que non , que só é unha pregunta.

O Sr. Geada Adrio, voceiro do grupo Municipal do Partido Popular, pregunta si a Asociación solicitou este ano ser ella a que colocase a estrela,

Resposta o Sr. Alcalde que non, e que insisto que era o Concello o que o facía, a diferenza é que dende hai catro anos tamén pedimos permiso a Patrimonio, que antes tampouco se facía, e si agora aparecen propietarios,.....

A Sra Incera di que a Asociación nin o solicitou este ano nin nos anteriores.

- PREGUNTA: Se ten coñecemento que a Asociación de Veciños de As Oiras fixo co concello un obradoiro de xabón tradicional que supoño que tina sosa , aceite ¿ Estivo controlada e vixiada a actividade con esos produtos xa que estaba dirixida a cativos? Porque a actividade será responsabilidade da Asociación, pero o Concello colaborou no estreno do lavadoiro e espero que se usara outro xabón porque non estaría o outro en disposición de ser usado e podería provocar unha contaminación de produtos químicos.

Resposta a Sra Incera Ares, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE , que efectivamente a Asociación organizou a actividade. Na primeira das sesións, na escola de nenos, se tomaron todas as medidas de seguridade posibles: da elaboración se encargaban tres persoas e os demás só mirábamos cómo facían, facendo moito fincapé nas medidas de prevención e seguridade, e dando indicacións sobre a reutilización do xabón e logo falando da historia. Os xabóns están a secar na OMIX e se entregaron o día catro cunha etiqueta que xa pón que non se pode utilizar ata o día 27 deste mes. Na segunda das sesións os nenos estaban na biblioteca e o xabón xa estaba listo. Para o lavado de roupa usouse xabón antigo dos membros da Asociación. A nadie que esté a promocionar a reserva da biosfera se lle pode ocorrer que se ande con sosa, nin cos nenos nin cos maiores, a pregunta está de sobra.

Resposta o Alcalde que xa queda aclarado.

Insiste a Sra Incera que a pregunta está fora de lugar e demostra unha falta de confianza. Resposta o Sr. Lorenzo que no seu goberno, é certo.

Indica a Sra Maseda que a falta de confianza se crea cando a resposta non é suficiente. O Alcalde dí que era o que me quedaba por oír, e que si ten outra pregunta.





- PREGUNTA: falando da promoción dos lavadoiros como lugares a preservar ¿ cómo está o de A Grela?

Resposta o Sr, Alcalde que temos un proxecto para solucionar como estaba ese esperpento diante desas casa tan ben feitas , e vaise a facer de madeira, poñer bancos, volver a ter o pio de pedra e o lavadoiro de toda a vida, e a lastra. O tema é que non nos dan permiso para cambiar a estrutura , non podemos facela de novo, pero vaise a mellorar, .. o proxecto xa se intentou meter no GDR dous anos pero quedou sen puntuación, e buscouse financiamento por outra parte... e xa veu o outro día unha muller en nome dos veciños a raíz do das Oiras.

Di a Sra Incera, voceira do grupo municipal do PsdG-PSOE que o lavadoiro de As Oiras é da Asociación e o amañaron eles.

Indica o Alcalde que dende que xa está en execución se ven pedir que cambie o proxecto, e iso é pouco serio. O proxecto leva 3 ou catro canos feito, intentouse financiar co GDR, pero había compromiso cos de A Grela e fixemos un proxecto dentro do que nos permitía facer Deputación.

Pregunta a Sra Maseda se non se pode manter o cúmulo de auga.

Resposta o Sr. Alcalde que non se pode tirar a estrutura.

- PREGUNTA: ¿ Cándo se poderá usar a pista de pádel? Porque a información que temos é que houbo xente que chamou en Nadal e non sabían cómo tiñan que facer e se lles dixo que non se sabía cómo se iba a proceder.

O Alcalde resposta que si fai a pregunta non me dé a resposta. Hai que facer un regulamento de uso, e mirouse a forma de facer a reserva via web e de acceso electrónico.

Indica a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE que non se trata de dar unha chave e listo, que chamaron dúas persoas e se lles dixo que para primaveira se conta con aprobar o regulamento, no que xa estou a traballar, Debemos ter un sistema ordenado de reservas, resolver posibles responsabilidades de cara a unha lesión, si pasa algo por si hai reclamacións....Se está traballando e en cuestión de días teremos cousas concretas e na primavera estará en funcionamento, e que se informará na Comisión correspondente e que hai que ser serios.

O Sr. Marrube, concelleiro delegado de deportes, di que hoxe veu un chaval a preguntar e se lle dixo o mesmo.

- PREGUNTA: Seguindo coa pista de pádel ¿ teñen previsto cubrila?

Resposta o Alcalde que a intención é isa, pero que agora non poido falar de nada en concreto porque non vou vender o peixe antes de pescalo.





- PREGUNTA: Sobre o tema do camiño que falamos no pleno anterior, o número 618 de Bacoí, ¿ está ou non no Inventario?

Resposta o Alcalde que sabe de sobra que sí, porque xa se publicaron fotos de documentos do Concello, e non sei quen ten esa información con planimetría .. pero cada un ten as súas responsabilidades e as terá que asumir. O camiño ata o río está inventariado, pero vostede preguntou polo paseo e non, o camiño remata no río, e ben o sabe positivamente que o paso remata no río.

Di a Sra Maseda que si está no inventario e veu as fotos, ben veu cómo se atopa.

Resposta o Sr. Alcalde que xa o vin, e tamén lle digo que onde non entre un tractor e non se poida facer mecánicamente, non se vai limpar porque non temos xente suficiente e é un risco.

A Sra Maseda di que para iso é mellor que o saque do inventario, e que o camiño de Carballido debería estar sinalizado.

Resposta o Sr. Marrube, concelleiro delegado de Deportes, que abriuse ese día nin máis nin menos, a 20 metros para ver a chea nos prados , porque se enche ás casas de abaixo.

Di o Alcalde que aquilo non é unha porta de acceso agrario, non a vivendas, e tamén son públicos os camiños do monte de O Castelo e non por iso vas meter o coche .. é tremendo que se fagan esas cosas.

A Sra Maseda insiste en que debería estar sinalizado.

E non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas trinta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coa firma do Alcalde e da Secretaria que da fe.

O ALCALDE.
Vº e Prace.

A SECRETARIA

